

# **PROXECTO EDUCATIVO**

## **CEIP DE OLVEIRA**

# Índice

<b>1.- INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>5</b>
2.1.- UBICACIÓN.....	5
2.2.- INSTALACIÓNS.....	5
2.3.- RECURSOS HUMÁNS.....	5
2.3.1.- ALUMNADO.....	5
2.3.2.- PERSOAL DOCENTE.....	6
2.3.3.- PERSOAL NON DOCENTE.....	6
2.3.4.- FAMILIAS.....	6
2.4.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	6
2.4.1.- TRANSPORTE ESCOLAR.....	6
2.4.2.- COMEDOR XESTIONADO POLA ANPA.....	7
<b>3.- NOTAS DE IDENTIDADE.....</b>	<b>8</b>
<b>4.- OBXECTIVOS.....</b>	<b>9</b>
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.....	9
4.1.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO.....	9
4.1.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL.....	9
4.1.3.- ÁMBITO ADMINISTRATIVO.....	9
4.1.4.- ÁMBITO HUMÁN E DE SERVIZOS.....	10
4.1.5.- ÁMBITO RELACIONAL.....	10
4.2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	10
4.3.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	11
<b>5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.....</b>	<b>13</b>
5.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO.....	13
5.1.1.- EQUIPO DIRECTIVO.....	13
5.1.2.- CLAUSTRO DE PROFESORES.....	13
5.1.3.- CONSELLO ESCOLAR.....	13
5.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.....	14
5.2.1.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	14
5.2.2.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	14
5.2.3.- COMISIÓN DE BIBLIOTECA.....	15
5.2.4.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	15
5.2.5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.....	15
5.2.6.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA.....	16
5.2.7.- EQUIPO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO.....	16
5.2.8.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.....	17
5.2.9.- EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	17
<b>6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....</b>	<b>19</b>
6.1.- PRINCIPIOS XERAIS.....	19
6.2.- AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.....	20
6.3.- ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS.....	21
6.4.- ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS.....	21
6.5.- MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.....	22
<b>7.- AVALIACIÓN.....</b>	<b>23</b>
7.1.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	23
7.1.1.- Concepto.....	23
7.1.1.1.- Funcións.....	23
7.1.1.2.- Obxectivos.....	23
7.1.1.3.- Modalidades.....	24
7.1.1.4.- Principios.....	24
7.1.1.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	24
7.1.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	26
7.1.3.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	26

7.2.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA.....	26
<b>8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>28</b>
8.1.- ATENCIÓN XERAL.....	28
8.2.- ATENCIÓN A ALUMNADO CON NEAE.....	28
8.2.1.- MEDIDAS ORDINARIAS.....	28
8.2.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS - ADAPTACIÓNS CURRICULARES.....	28
<b>9.- TRANSVERSALIDADE.....</b>	<b>31</b>
9.1.- EDUCACIÓN EN VALORES.....	31
9.1.1.- OBXECTIVOS.....	31
9.1.2.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.....	31
9.2.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA.....	33
9.3.- INCORPORACIÓN DAS TIC Á AULA.....	35
9.4.- EDUCACIÓN AMBIENTAL - XESTIÓN ECOLÓXICA DE RECURSOS.....	36
9.4.1.- PLAN DE XESTIÓN ECOLÓXICA DE ENERXÍAS E MATERIAIS.....	36
9.4.2.- PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS.....	36
9.5.- PREVENCIÓN DA VIOLENCIA.....	37
9.6.- EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA.....	37
9.7.- EMPRENDEMENTO.....	37
<b>10.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....</b>	<b>38</b>
<b>11.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>40</b>
11.1.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	40
11.1.1.- ACTIVIDADES EN HORARIO LECTIVO.....	40
11.1.2.- ACTIVIDADES FÓRA DO HORARIO LECTIVO.....	40
11.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	40
<b>12.- AVALIACIÓN DO PEC.....</b>	<b>41</b>
<b>13.- DOCUMENTOS VINCULADOS AO PEC.....</b>	<b>42</b>

# 1.- INTRODUCCIÓN

Segundo o **artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa:**

O Proxecto Educativo do centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así coma o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

Dito proxecto, que deba ter en conta as características do contorno e cultural do centro, recollera a forma de atención a diversidade, así como o Plan de Convivencia, e deba respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios recollidos nas ditas leis.

No marco establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan as distintas necesidades dos alumnos/as e profesorado.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo e a seguinte:

- **Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)**

- **Decreto 330/2009, do 4 de Xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

- **Decreto 374/1996, do 17 de Outubro**, polo que se aproba o Regulamento organizativo das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- **Orde do 22 de Xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

- **Decreto 79/2010, do 20 de Maio**, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.

- **Lei 4/2011, do 30 de Xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- **Decreto 229/2011, do 7 de Decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto educativo do Centro (P.E.) será elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo claustro. Posteriormente será aprobado polo director/a do centro.

## **2.- CONTEXTUALIZACIÓN**

### **2.1.- UBICACIÓN**

O centro está ubicado:

- Ao carón do Parque Natural composto polo Complexo Dunar de Olveira-Corrubedo e as lagoas de O Carregal e Vixán. Este feito terá unha importancia esencial no enfoque das áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.
- Nunha paisaxe de litoral.
- Moi preto da Serra do Barbanza.

Estas tres características determinan que o medio natural circundante a considerar dentro do desenvolvemento curricular sexa diverso: marítimo e tamén de interior.

### **2.2.- INSTALACIÓNS**

O edificio consta de tres andares e carece de ascensor, feito que condiciona a atención que precisan alumnos/as con limitacións motrices.

No interior da planta baixa ubícanse un distribuidor, a biblioteca, o ximnasio, tres aulas de infantil con servizos, a sala de mestres/as, unha dependencia dedicada a secretaría e dirección, servizos dos nenos, servizos das nenas, servizos dos mestres e mestras, servizo adaptado, comedor e conserxería. Con acceso desde o exterior hai un vestiario con servizos e duchas.

No primeiro andar hai seis aulas para Educación Primaria, unha aula de informática e de medios audiovisuais, unha de idioma estranxeiro, departamento de orientación, pedagogía terapéutica, servizos para nenos e servizos para nenas.

O segundo andar ubícase debaixo da cuberta do edificio e alberga a aula de música, unha aula para audición e linguaxe, tres trasteiros empregados para gardar o mobiliario innecesario de cada curso, e outro trasteiro no que se ubica o arquivo histórico do centro.

No exterior dispón dun campo de herba e árbores de aproximadamente 8.000 metros cadrados, unha pista pavimentada duns 1.300 metros cadrados e un parque infantil duns 500 metros cadrados con aparellos lúdicos.

Todo o recinto está pechado por un muro e dúas cancelas, unha pequena pola que se accede habitualmente e outra para vehículos que permanece pechada en todo momento impedindo a entrada de calquera vehículo ao recinto en horario de permanencia do alumnado.

O mobiliario é o que subministra a Consellería de Educación.

O material didáctico tamén é o que normalmente subministra a Consellería de Educación ao que, curso a curso, se lle foi agregando outro material mercado con parte dos cartos da dotación anual.

### **2.3.- RECURSOS HUMÁNS**

#### **2.3.1.- ALUMNADO**

Escolarízase alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil e dos tres ciclos de Educación Primaria que proceden das parroquias de Olveira, Corrubedo e Oleiros. O que a maioría do alumnado sexa transportado condiciona a realización de actividades extraescolares e complementarias fóra do horario lectivo.

Na actualidade o alumnado de Educación Infantil divídese en tres aulas ubicadas na planta baixa, e o alumnado de Educación Primaria divídese en seis aulas ubicadas no primeiro andar.

Tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria faranse agrupamentos flexibles que permitan un aproveitamento racional dos medios materiais e persoais dispoñibles.

Nas parroquias de Corrubedo e Olveira hai asociacións culturais nas que está integrado boa

parte do alumnado.

### **2.3.2.- PERSOAL DOCENTE**

O catálogo de postos de traballo composto do xeito seguinte:

- 4 Educación Infantil
- 5 Educación Primaria
- 1 Educación Física
- 1 Educación Musical
- 1 Lingua Francesa
- 1 Lingua Inglesa
- 1 Pedagogía Terapéutica
- 1 Departamento de Orientación Compartido
- 1 Relixión e Moral Católica Compartido

Na actualidade está habilitada unha praza de audición e linguaxe compartida cuberta por profesorado provisional.

### **2.3.3.- PERSOAL NON DOCENTE**

Ademais neste Centro prestan servizos tres persoas: un conserxe e unha operaria que efectúa as tarefas de limpeza que dependen do Concello de Ribeira e unha coidadora que depende da Consellería de Educación. As funcións a desempeñar polo conserxe e coidadora recóllense no DOFC.

### **2.3.4.- FAMILIAS**

Partindo de que o mar é o condicionante económico máis importante, a grande maioría das familias dependen economicamente do mar, xa sexa directa ou indirectamente. Isto conleva que a sociedade sexa matriarcal: os varóns pasan boa parte da súa vida no mar, mentres que as mulleres quedan na casa ao cargo dos fillos e tamén colaborando á economía familiar co seu traballo no sector de transformación pesqueira, na agricultura e hostalaría.

Neste momento está constituída unha asociación de nais e pais de alumnos e alumnas (ANPA) á que están afiliadas a maioría das nais e algún pai. O principal obxectivo que persegue é a colaboración co Centro na realización das principais celebracións e nas saídas culturais.

O nivel de estudos acadado polos ascendentes dos alumnos e alumnas superan os estudos primarios a maioría deles, sendo minoritario o número deles que acadaron estudos de bacharelato e universitarios.

O galego é a lingua materna predominante.

## **2.4.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Na actualidade están en funcionamento dous servizos complementarios, o servizo de transporte, xestionado directamente pola Xunta de Galicia, e o servizo de comedor, xestionado pola ANPA.

### **2.4.1.- TRANSPORTE ESCOLAR**

O servizo de transporte escolar está establecido do xeito seguinte:

- Itinerario 1.- Cruce de Olveira - Agra - Sirves - Iñeiras - Agüeiros - Teira - Bos Aires - Stop - Atalaia - Balieiros.
- Itinerario 2.- Bar Nieto - Bretal - San Tomé - Gándara - Oleiros - Muíños I - Muíños II - Balteiro.

Ambos itinerarios contan con servizo de acompañante.

#### **2.4.2.- COMEDOR XESTIONADO POLA ANPA**

No caso de que a ANPA teña demanda para poñer en funcionamento o comedor escolar durante un curso, deberá asumir as seguintes responsabilidades:

- A ANPA contará cun local debidamente hixienizado, ventilado e iluminado, dotado con instalación de auga, electricidade e mobiliario axeitado a tal fin. Instalacións e mobiliario recibirase pola APA baixo inventario, responsabilizándose dos mesmos ata a súa entrega unha vez finalizado o curso escolar.
- A xestión do comedor pola ANPA realizarase de forma autónoma, pero tendo en conta que é un servizo complementario integrado no Centro e, polo tanto, subordinado aos intereses da comunidade educativa. Só os alumnos e alumnas matriculados no Centro poderán adquirir a condición de usuarios.
- A ANPA responsabilízase da tutela, orde e disciplina do alumnado usuario deste servizo no horario comprendido entre a terminación das clases da mañá ás 15:00 ata as 17:00 horas, así como do respecto, conservación e bo trato das dependencias e material do Centro do que puideran facer uso nese período de tempo. Participarán nestas actividades monitores de animación.
- O servizo de comedor que se solicita non leva consigo a elaboración no Centro de ningún alimento, soamente a súa distribución e consumo. Unha empresa cas autorizacións administrativas prescritas pola lexislación vixente será a encargada do servizo e indicará á ANPA as medidas oportunas en orde a garantir as cuestións sanitarias, nutricionais e laborais.
- Os posibles riscos persoais e laborais (intoxicacións, accidentes, etc.) deberá quedar debidamente cubertos pola empresa colaboradora.
- É de cargo exclusivo da empresa contratada a limpeza das dependencias, instalacións e material do devandito servizo.
- Todas as cuestións relativas ao servizo de comedor serán sometidas á consideración do Consello Escolar, tanto a propia iniciativa como a proposta da ANPA.

### **3.- NOTAS DE IDENTIDADE**

Atendendo aos condicionantes desenvolvidos no apartado anterior e ao proxecto de dirección do actual mandato tentarase acadar un centro que cumpra cos seguintes principios:

- Un centro onde se respecten os dereitos e ideas de todos os membros da comunidade educativa.
- Un centro que fomente a participación.
- Un centro capaz de desenvolver as capacidades do alumnado e que posibilite a formación integral do mesmo.
- Un centro que loite pola non violencia en xeral e a de xénero en particular aplicando metodoloxías baseadas na mediación e atendendo ao disposto nos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo.
- Un centro que loite pola educación para a igualdade garantindo a coeducación.
- Un centro transmisor de valores cívicos como a igualdade, a xustiza, a tolerancia, a valentía, a sinceridade, o traballo serio, o esforzo, a integración, a honestidade e todas as virtudes e valores que favorezan a convivencia pacífica e solidaria.
- Un centro implicado na conservación e mellora do medio ambiente.
- Un centro implicado no fomento da cultura galega.
- Un centro con boas relacións coas institucións, aberto á sociedade e amable na convivencia.
- Un centro no que pais e as nais poidan depositar toda a súa confianza.



## **4.- OBXECTIVOS**

### **4.1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

#### **4.1.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO**

- Impulsar a coordinación entre os niveis de cada etapa e entre as etapas coa finalidade de optimizar a consecución de obxectivos por parte do alumnado para que, ao rematar un curso ou unha etapa, teña garantida a adquisición das competencias que lle permitan afrontar o novo curso ou etapa con expectativas de éxito.
- Avaliar periódicamente a consecución de obxectivos e adquisición de competencias por parte do alumnado nos diferentes niveis e nas diferentes áreas para optimizar as programacións didácticas.
- Potenciar a coordinación dinamizando o intercambio entre niveis a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Impulsar e apoiar as iniciativas de renovación pedagóxica mediante a constitución de grupos de traballo ou seminarios, organización e participación en cursiños, a contrastación de experiencias xa postas en marcha e todas as demais posibilidades de formación centradas na escola.
- Crear e fomentar hábitos de lectura a través da biblioteca escolar, da biblioteca de aula e de actividades de animación á lectura.
- Coordinar e intercambiar cos centros educativos do entorno actividades e prácticas pedagóxicas.
- Seguir a introducir o ordenador como recurso didáctico e como ferramenta de traballo dentro da clase.
- Fomentar actuacións responsables no gasto de enerxía e na utilización e reutilización de materiais.

#### **4.1.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL**

- Fomentar que os profesores, pais, alumnos e traballadores non docentes interveñan na planificación e no control de xestión do centro a través dos seus representantes e utilizando as canles de comunicación legalmente establecidas.
- Velar polo mantemento das instalacións e servizos escolares, inculcando na comunidade escolar o respecto e coidado das mesmas.
- Xestionar diante dos organismos oficiais correspondentes melloras na infraestrutura das instalacións e servizos escolares.

#### **4.1.3.- ÁMBITO ADMINISTRATIVO**

- Desenrolar e utilizar instrumentos eficaces para a comunicación externa e interna.
- Manter o actual funcionamento da vida administrativa da escola e melloralo na medida do posible.
- Ter informados a todos os organismos e persoal que se relaciona coa escola dos asuntos que lles afectan.
- Simplificar, axilizar e facer máis efectivo o traballo administrativo do centro procurando a súa completa informatización.

#### **4.1.4.- ÁMBITO HUMÁN E DE SERVIZOS**

- Traballar pola implantación, o respecto e a observancia do DOFC do centro.
- Manter a participación no traballo dos equipos de coordinación e dinamización.
- Seguir traballando para a mellora dos servizos complementarios e actividades extraescolares e complementarias (transporte escolar, saídas culturais, actividades deportivas, festas e conmemoracións, etc.).
- Lograr unha boa habituación nos nenos e nenas que utilizan estes servizos sen desvincularlos da acción educativa do colexio.
- Colaborar coa ANPA na organización e funcionamento do comedor escolar.

#### **4.1.5.- ÁMBITO RELACIONAL**

- Seguir a traballar na implantación do plan de convivencia escolar para fomentar un ambiente de cordialidade, respecto e solidariedade entre o alumnado.
- Sistematizar a participación dos pais e a súa información sobre a vida escolar a través da ANPA, das reunións de titorías e das entrevistas persoais.
- Fomentar a participación dos pais e a integración na escola a través das actividades extraescolares e poñendo á súa disposición os medios cos que conta a escola.
- Fomentar as relacións constructivas entre a escola e os diversos organismos oficiais para acadar solucións positivas ás cuestións que nos afectan.
- Informar e ser informados das decisións que se tomen tanto na escola como nos organismos oficiais e que poidan afectar a calquera dos dous.
- Promocionar a páxina web oficial do centro como canle de comunicación e transmisión de información, ideas e proxectos.

### ***4.2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL***

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben acadar ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersoal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapa, ciclo, nivel e área) aos máis específicos (obxectivos didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, o equipo docente de educación infantil, atendendo ás directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, adecuará estes obxectivos ás características do alumnado, do centro e do seu contorno.

O marco legislativo actual establece como obxectivos xerais do segundo ciclo de educación infantil os seguintes:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **4.3.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

## **5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

A estrutura organizativa do centro regularase pola lexislación vixente e concretarase no Documento de Organización, Funcionamento e Convivencia DOFC.

### **5.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO**

No momento actual os órganos de goberno están constituídos tal como se reflicte de seguido.

#### **5.1.1.- EQUIPO DIRECTIVO**

Director	DOSITEO FERNÁNDEZ FUENTE
Xefe de Estudos	MARÍA JESÚS BLANCO LÓPEZ
Secretaria	ESTRELLA FERNÁNDEZ TEIRA

As funcións e atribucións dos diferentes membros do equipo directivo recóllense no punto xxx do Documento de Organización e Funcionamento.

#### **5.1.2.- CLAUSTRO DE PROFESORES**

O Claustro de profesores constitúeno 16 mestres e mestras adscritos ós postos de traballo do seguinte xeito:

Mestres de Educación Primaria	
Mestras de Educación Infantil	
Especialista L. Inglesa	
Especialista L. Francesa	-----
Especialista E. Musical	
Especialista E. Física	
Especialista PT	
Especialista AL	
Relixión Católica	
Xefe Dep. Orientación	

As funcións e atribucións do Claustro recóllense no punto xxx do Documento de Organización e Funcionamento.

#### **5.1.3.- CONSELLO ESCOLAR**

O Consello Escolar, en virtude do Decreto 374/1996 do 17 de outubro, está constituído do seguinte xeito:

Presidente	DOSITEO FERNÁNDEZ FUENTE
Xefe de Estudos	MARÍA JESÚS BLANCO LÓPEZ
Secretaria	ESTRELLA FERNÁNDEZ TEIRA
Representantes mestres/as	
Representantes pais/nais	

Representante ANPA	
Persoal de servizos	MIGUEL ÁNGEL PRADO BAÑA
Representante municipal	ELVIRA PEREIRA AGEITOS

As funcións e atribucións do Consello Escolar recóllense no punto xxx do Documento de Organización e Funcionamento.

## **5.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN**

### **5.2.1.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

Composición:

- Director/a, que será o seu presidente.
- A/O Xefe de estudos.
- O/A Coordinador/a do ENDL.
- Os Coordinadores/as de Ciclo.
- Os Mestres/as de A.L. e P.T.
- A Xefa/e do D.O.
- O/A Dinamizador/a de Biblioteca.
- Actuará como Secretario/a un membro da comisión designado/a polo Director/a.

As competencias da CCP serán as seguintes:

- Elevar propostas ao Claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración das programacións.
- Asegurar a coherencia entre o PEC, as programacións didácticas e a PXA.
- Establecer os criterios para a elaboración do Plan de acción titorial, das ACS...
- Propoñer ao Claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación, así como o calendario das mesmas.
- Velar polo cumprimento das programacións e a súa posterior avaliación.
- Propoñerlle ao Director os mestres/as que han de formar parte do D.O.
- Canalizar as necesidades de formación continua do profesorado.

A CCP reunirse unha vez ao mes.

### **5.2.2.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

Con data 26 de xaneiro de 2016 constituíuse a Comisión de Convivencia que substitúe ao anterior Observatorio da Convivencia.

Está composta polos seguintes membros:

Director	DOSITEO FERNÁNDEZ FUENTE
Mestres/as	
Representantes pais/nais	
Representante non docente	MIGUEL ÁNGEL PRADO BAÑA
Representante municipal	ELVIRA PEREIRA AGEITOS

Actuará como secretario Javier Santos González.

### **5.2.3.- COMISIÓN DE BIBLIOTECA**

Estará integrado polos membros do Consello Escolar.  
Actuará como secretaria ESTRELLA FERNÁNDEZ TEIRA.

### **5.2.4.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O EAEC encargárase de organizar e fomentar este tipo de actividades. Estará formado por todo o profesorado do centro e dirixido e coordinado por un mestre/a designado polo Director/a.

As funcións do Xefe do equipo son as seguintes:

- Participar no PC de etapa.
- Elaborar a programación anual destas actividades tendo en conta as propostas do resto do profesorado.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, presuposto e forma de participación de alumnos/as.
- Coordinar a organización das viaxes de estudo, os intercambios escolares...
- Elaborar unha memoria ao final de curso.

Para a realización de actividades realizadas fóra do recinto contar cos seguintes requisitos:

- Autorización escrita dos pais/nais ou titores legais do alumno/a.
- Os alumnos serán acompañados polo profesorado nunha proporción dun mestre/a por unidade, sempre que o total de alumnos non supere os 20.
- Tamén poderán acompañar aos alumnos os mestres/as especialistas que irán como apoio.

### **5.2.5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**

En virtude do artigo 10º da Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, as Funcións do dinamizador do equipo de dinamización de biblioteca serán as seguintes:

- Elaborar, en colaboración co profesorado do equipo de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
- Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

A maiores do exposto anteriormente, este curso o funcionamento da biblioteca organizarase de xeito que se cumpran os requisitos establecidos no Plan de mellora de bibliotecas escolares

promovido pola Consellería de Educación ao que este centro se suma no presente curso.

### **5.2.6.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA**

En virtude do artigo 12º da Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, as funcións do dinamizador do equipo de dinamización da convivencia escolar, en colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

- Seleccionar aqueles ámbitos do plan de acción titorial que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
- Velar pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- Colaborar na dinamización do plan de convivencia xunto co Observatorio da Convivencia do centro.
- Formar parte do Observatorio da Convivencia do centro.
- Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
- Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Realizar un informe trimestral sobre o estado da convivencia, conpropostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.
- Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo de centro.

### **5.2.7.- EQUIPO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO**

O EDLG constitúese para potenciar o uso da lingua galega, que estará formado, alomenos, polos seguintes membros:

Mestres/as que impartan clase nos diferentes ciclos de primaria e infantil. Os demais debense distribuír entre todos os equipos docentes dunha maneira uniforme.

As súas competencias serán as seguintes:

- Presentar ao Claustro propostas para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no PEC.
- Colaborar na elaboración do Plan lingüístico do Centro, así como na Planificación sociolingüística do mesmo.
- Elaborar o proxecto de fomento da lingua galega para presentar nas datas indicadas na Consellería de Presidencia.
- Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do Centro.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de recursos económicos dispoñibles para estes fins.

A coordinación será desempeñada por un profesor ou profesora do equipo, preferentemente con destino definitivo no Centro. O coordinador/a será nomeado polo director/a, por proposta dos compañeiros/as de equipo, desempeñará as súas funcións durante 2 anos, renovables.

As competencias do coordinador/a serán as seguintes:



- Colaborar nos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á CCP
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Redactar as actas de reunión e a memoria final do ENDL na que se fará unha avaliación das actividades realizadas.

### **5.2.8.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC**

Os membros deste equipo serán os encargados de poñer en funcionamento o plan de integración das TIC.

As funcións a realizar polo dinamizador serán as seguintes:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

O Plan de Dinamización das TICs é un dos anexos deste PEC.

### **5.2.9.- EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

O equipo de ciclo de E.I. estará formado por todos/as mestres/as que imparten clase na Educación Infantil. O Equipo de Ciclo da Educación Infantil será o encargado de elaborar o periodo de adaptación dos nenos/as de 3 anos dacordo coa normativa vixente.

Son competencias do Equipo de Ciclo de E.I:

- Formularlle ao Equipo Directivo e ao Claustro propostas relativas á elaboración do proxecto educativo e á Programación Xeral Anual.
- Formularlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica propostas relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou modificación deles.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas.
- Promover a investigación educativa e propoñerlle ao Xefe/a de estudos as actividades de perfeccionamento do profesorado.
- Propor os criterios de promoción de ciclo.
- Establecer as coordinacións necesarias entre os titores, resto do profesorado e familias.
- Realizar as ACS para os alumnos/as con NEE, co asesoramento do D.O.

O Equipo de Ciclo está dirixido por un coordinador/a de ciclo, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos. Será designado polo director/a do Centro, por proposta do equipo de ciclo.

Son competencias do coordinador/a:

- Dirixir e coordinar as reunións de ciclo.
- Coordinar as funcións de titoría dos alumnos/as de ciclo.
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- Levantar acta das reunións e elaborar a memoria de final de curso.
- Coordinar a organización dos espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento do equipo.

O Equipo de Ciclo reunirse una vez ao mes.

## 6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### 6.1.- PRINCIPIOS XERAIS

Teranse en conta catro principios esenciais da educación: psicolóxicos, epistemolóxicos, pedagóxicos e sociolóxicos, co fin de acadar a maior integración e comunicación posible. É dicir, pretendemos unha metodoloxía

- integradora
- comunicativa
- participativa
- aberta
- flexible.

Xunto con estes catro principios esenciais, tamén se terán en conta os seguintes aspectos: agrupamento do alumnado, organización dos espazos e do tempo.

#### - Psicolóxicos:

a) *Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.*

- Dos coñecementos previamente construídos.
- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.

b) *Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.*

- Analizando os coñecementos previos que posúe.
- Integrando os contidos e estratexias previas cos novos e aprender.

c) *Favorecer a aprendizaxe autónoma.*

- Desenvolvendo un modelo curricular de procesual que asegure que os alumnos/as realizan aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva, e modificando progresivamente os esquemas cognitivos previos do seu coñecemento para ir acadando unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.

d) *Potenciar a actividade.*

- Facilitando a reflexión antes do desenvolvemento das actividades, e ao mesmo tempo posibilitando que o alumno/a chegue a realizar aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda de alguén (zona de desenvolvemento próximo).

#### - Epistemolóxicos:

- Non todos coñecemos igual en todo momento. En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.

#### - Pedagóxicos:

a) *Partir da avaliación inicial, específica e global.*

- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
  - Das súas aptitudes e actitudes.
  - Das súas necesidades e intereses.
- b) *Motivar axeitadamente.*
- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
  - Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
  - Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
- c) *Analizar os esquemas previos de coñecemento.*
- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar novas aprendizaxes.
  - Reforzando os conceptos previos non asentados.
- d) *Fomentar a zona de desenvolvemento próximo na adquisición dos novos coñecementos (ZDP).*
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
  - Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
  - Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
  - Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
  - Tendo en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.
  - Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.

#### **- Sociolóxicos:**

- a) *Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula.*
- De relacións afectivas e efectivas.
  - De roles: líderes, rexeitados, etc.
- b) *Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas.*
- Facilitando a comunicación.
  - Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.
  - Propiciando a interrelación cos demais grupos.
  - Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
  - Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
- c) *Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.*
- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
  - Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.
  - Construindo unha cultura común.

## **6.2.- AGRUPAMENTO DO ALUMNADO**

O agrupamento dos alumnos/as é unha esixencia da diversidade e un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos/as aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados.

A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos/as.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida dos alumnos/as ao chegaren ao inicio do ciclo e de cada

curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade. Os criterios empregados na agrupación de alumnos/as son:

- Idade cronolóxica.
- Equilibrio nos grupos entre alumnos/as.
- Ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza da área ou da actividade.

Ao establecermos diferentes agrupamentos estamos facilitando a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos empregados son:

- Aula.
- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Talleres.
- Equipos de traballo cooperativo.

### **6.3.- ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS**

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- **Espazos propios do grupo (aula)**

Cada titor organizará o espazo na súa aula como axeitándoo para o desenvolvemento da actividade lectiva; será conveniente ter en conta variables como idade e agrupamento de alumnos/as, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc.

Se nunha aula imparten actividades lectivas outros mestres/as ademais do titor, procurarase que o mobiliario e material didáctico sexa o adaptado tamén ás súas necesidades.

- **1. Espazos compartidos polos alumnos/as**

O alumnado de Primaria comparte espazos con alumnos/as de outras etapas educativas, Educación Infantil, dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores. Algúns destes espazos son:

- Biblioteca.
- Ximnasio.
- Aula de informática.
- Patio.
- Aula de Educación Artística.
- Aseos.

### **6.4.- ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS**

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, se realizará unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario da actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

**Horario lectivo:**

- De 10:00 a 15:00 horas de luns a venres
- Recreo de 12:40 a 13:10 horas

**Horario non lectivo:**

- Luns, mércores e xoves de 16:30 a 18:30 horas.
- Martes:
  - De 16:30 a 17:30 horas para atención a pais nais
  - De 17:30 a 19:30 para reunións de equipos e órganos colexiados

**Gardas de transporte:**

- De luns a venres de 09:40 a 10:00 e de 15:00 a 15:15 horas

## ***6.5.- MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN***

Atendendo ao currículo de educación primaria en vigor en 4º e en 6º o centro ten liberdade para elixir unha sesión de libre configuración con materias curriculares ou con outras materias elaboradas polo centro e aprobadas pola inspección educativa.

Óptase por escoller materias curriculares.

- En 4º unha sesión de matemáticas, quedando así cinco sesións semanais.
- En 6º unha sesión de lingua galega, quedando así catro sesións semanais.

## 7.- AVALIACIÓN

### 7.1.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, débese estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales as súas funcións, os seus obxectivos e as súas modalidades máis convintes.

#### 7.1.1.- Concepto

- Análise dos datos cuantitativos e cualitativos recollidos na posta en práctica do proxecto educativo, co fin de tomar as decisións que permitan a súa máxima eficacia.

#### 7.1.1.1.- Funcións

- **Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos/as e os profesores/as.
- **Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para prever e resolver problemas.
- **Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- **Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- **Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- **Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

#### 7.1.1.2.- Obxectivos

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumnado, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais ou titores legais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e prever o fracaso

escolar.

- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.
- Superar a antiga concepción da avaliación como único control.

### **7.1.1.3.- Modalidades**

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van acadando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.
- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

### **7.1.1.4.- Principios**

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse. Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (*feed-back*).

## **7.1.1.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Para avaliar a consecución dos obxectivos e das competencias clave, en cada área de cada nivel empregaremos uns procedementos de avaliación e uns instrumentos asociados a cada procedemento segundo se detalla de seguido.

No tocante aos procedementos de observación sistemática faise imprescindible levar un rexistro rigoroso dos resultados obtidos por cada alumno en cada instrumento empregado.



**PROCEDEMENTOS**  
Observación sistemática

**INSTRUMENTOS**

**Escalas de observación**

Permite establecer estimación dentro dun continuo.

- *Categorías*.- Identifica a frecuencia (Sempre, A veces, Nunca) ou caracterización (Iniciado, En proceso, Consolidado) da conduta a observar.

- *Numérica*.- Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Se puede utilizar la gradación de 1 a 4, de 1 a 5, de 1 a 6, o la más tradicional de 1 a 10.

- *Descritiva*.- Incorpora frases descriptivas. ( "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas", ou ben, "Suxire ideas e traballa adecuadamente"...

**Listas de control**

Rexistra a ausencia o presenza dun determinado rasgo, condutas ou secuencia de accións. Acepta só dúas características: si ou non, lo logra ou non logra, presente ou ausente, etc.

**Rexistro anecdótico**

Fichas nas que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden aportar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas

**Diarios de clase**

Análise sistemático e continuado das tarefas diarias realizadas na clase. Pódense usar escalas de observación para o rexistro do seguimento efectuado.

Análise de producións

**Monografías**

Texto argumentativo que presenta e analiza os datos obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática , analizados con visión crítica.

- De compilación
- De investigación
- De análise de experiencia

**Resumos**

**Traballo de aplicación e síntese**

**Caderno de clase**

**Caderno de campo**

**Resolución de exercicios e problemas**

**Textos escritos**

**Producións orais**

**Producións plásticas ou musicais**

**Producións motrices**

**Investigacións**

**Xogos de simulación e dramáticos**

**Proba oral**

**Proba escrita**

Intercambios orais co alumnado

**Diálogo**

**Entrevista**

Guión da entrevista:

Comunicación verbal planificada, utilizando guións máis ou menos estruturados, que aporta datos útiles para coñecer unha determinada conduta.

Son moi utilizadas na resolución de situacións problemáticas.

**Asemblea**

**Posta en común**

Questionarios

**Abertos**

**Pechado**

**Mixtos**

### **7.1.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

O sistema de cualificación terá en conta:

- O resultado acadado nas **probax obxectivas**
- **O traballo individual** diario .
- O **esforzo e o interese** amosado no desenvolvemento das actividades e explicacións.
- A **actitude** do alumnado cara a materia.

É dicir que será un sistema de cualificación , no que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

Así as cousas, establecemos en termos porcentuais o valor asignado a cada un dos aspectos antes descritos:

- 1º de EP
  - Proba ou exame: 10 %
  - Traballo diario, actitude e participación: 90 %
- 2º de EP
  - Proba ou exame: 30 %
  - Traballo diario, actitude e participación: 70 %
- 3º de EP
  - Proba ou exame: 50 %
  - Traballo diario, actitude e participación: 50 %
- 4º, 5º e 6º de EP
  - Proba ou exame: 60 %
  - Traballo diario, actitude e participación: 40 %

No caso da Educación Musical as porcentaxes en todos os niveis serán:

- Proba ou exame: 10 %
- Traballo diario, actitude e participación: 90 %

### **7.1.3.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Terá que permanecer un ano máis no nivel o/a alumno/a que:

- Non acade os mínimos de dúas áreas instrumentais (Lingua galega, Lingua castelá ou Matemáticas).
- Non acade os mínimos de tres áreas calquera.

## **7.2.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA**

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumno, senón tamén o proceso de ensinanza xunto co papel desenvolvido polo mestre/a. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos/as será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais empregados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos/as, dos criterios de

avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da propia práctica docente do profesorado, ben sexa de forma individual ou do conxunto do equipo docente, revélase como unha das estratexias de formación máis importantes para mellorar a calidade da ensinanza e aprendizaxe.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, por iso, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno. Non obstante, dadas as características dos diferentes elementos do proceso e dos documentos en que se plasman, podería dicirse que hai momentos especialmente indicados para recoller a información.

Os instrumentos de avaliación deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar sen introducir variables que distorsionen os datos.
- Utilizar distintos códigos (verbais, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) de modo que se adecúen ás distintas aptitudes sen que o código obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

## 8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atendendo ao Plan de Atención á Diversidade elaborado para este curso e partindo de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar, polo menos, dous tipos de atención:

### 8.1.- ATENCIÓN XERAL

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnado que requerirá explicacións ou exercicios específicos, estar nun grupo específico dentro da aula do que recibirá as axudas que precisa, etc.

En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

### 8.2.- ATENCIÓN A ALUMNADO CON NEAE

#### 8.2.1.- MEDIDAS ORDINARIAS

- **RE sen apoio:** Son medidas que o propio profesorado deseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, desdobrementos, ...).
- **RE con apoio:** Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor/a que non é especialista nin en pedagogía terapéutica nin en audición e linguaxe co fin de que os alumnos/as que presentan algunha dificultade maior sexan capaces de seguir a programación diaria.
- **Apoio Educativo:** Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor ou profesora especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica. Os apoios a estes alumnos realizáranse **preferentemente dentro da aula**.

#### 8.2.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS - ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptacións curriculares deben dar resposta polo menos a tres tipos de dificultades básicas dos alumnos e alumnas: de acceso ao currículo, de aprendizaxes concretas e de capacidade xeral.

- a) **De acceso ao currículo** en realidade non son tales adaptacións, xa que a súa única pretensión é facilitar o acceso físico ou comunicativo para a integración no sistema educativo, respectando o principio de igualdade de oportunidades, porque moitas veces a dificultade non reside no que o alumnado ten que aprender, senón nos medios cos que conta o sistema educativo para poder ensinallo (outra lingua materna, barreiras arquitectónicas, linguaxes alternativas, etc.).
- b) **De aprendizaxes concretas** deben facilitar aos alumnos/as o acceso a determinados coñecementos e capacidades concretas, para resolver lagoas ou problemas producidos durante o proceso de aprendizaxe, como consecuencia de necesidades educativas especiais temporais ou permanentes.
- c) **De capacidade xeral** teñen a misión de pór en situación de aprendizaxe a aqueles alumnos e a aquelas alumnas que o requiran de forma global e permanente a causa das súas necesidades educativas específicas.

Estes dous últimos tipos de adaptacións requiren a modificación e a adecuación dos métodos de ensinanza, dos obxectivos, dos contidos, das actividades, da temporalización, dos recursos e da avaliación. Para levalas a cabo, o centro terá que:

- a) Introducir cambios nos bloques de contidos, dando prioridade a uns sobre outros, e reforzando e ampliando uns máis ca outros.
- b) Adaptar o material didáctico e a metodoloxía.

- c) Promover actividades diferenciadas e organizar grupos de traballo flexibles.
- d) Variar o ritmo de introdución dos contidos e a organización e a secuenciación destes, se fose necesario.

## **Adaptacións curriculares de centro**

### **I. Na avaliación**

- Establecer criterios de avaliación, contextualizando os expresados no currículo xunto aos dos alumnos e alumnas con n.e.a.e.
- Fixar criterios específicos flexibles de promoción para os alumnos e as alumnas con n.e.a.e.
- Incluír criterios e procedementos de avaliación do contexto.
- Determinar responsabilidades en canto á detección das n.e.a.e. e a súa avaliación.
- Elaborar e adaptar os instrumentos de avaliación tendo en conta as n.e.e. dos alumnos e das alumnas do centro.
- Deseñar documentos informativos de avaliación válidos para todo o alumnado que vaian máis alá da simple información de cualificacións á familia.

### **II. Na metodoloxía e nas actividades**

- Establecer criterios comúns para a etapa que faciliten a resposta normalizada fronte ás necesidades educativas especiais.
- Fixar opcións metodolóxicas de ciclo co mesmo fin.
- Definir criterios para a elección de métodos, estratexias e actividades de ensino-aprendizaxe que faciliten a resposta normalizada fronte ás necesidades educativas especiais.
- Deseñar actividades comúns para todo o centro e para cada unha das etapas e ciclos.
- Definir criterios específicos para a adaptación de actividades de ensino-aprendizaxe dos diferentes tipos de necesidades educativas especiais.

### **III. Nos obxectivos e nos contidos**

- Definir os obxectivos xerais de etapa e de áreas tendo en conta as necesidades educativas de todos os alumnos e alumnas do centro.
- Introducir obxectivos e contidos específicos para alumnado con necesidades educativas especiais.
- Secuenciar estes obxectivos e contidos.
- Darlles prioridade a obxectivos e contidos, definindo os mínimos.

## **Adaptacións curriculares de aula**

### **I. Nos elementos persoais**

-Relacións profesorado-alumnado:

- Coñecer o sistema de comunicación dos alumnos e das alumnas con n.e.e.
- Manter unha actitude positiva con eles.
- Procurar relacións espontáneas e fluídas, dentro dun bo clima de clase.

-Relacións entre alumnos e alumnas:

- Combinar agrupamentos homoxéneos e heteroxéneos, actuando intencionalmente na súa constitución.
- Fomentar o traballo cooperativo e participativo.

-Relacións entre o titor e a titora e apoios:

- Establecer responsabilidades.
- Realizar coordinacións.
- Programar e avaliar conxuntamente.

### **II. Nos elementos materiais**

- Organizar e distribuír espazos e tempos respectando as n.e.e.
- Seleccionar os recursos didácticos máis axeitados en cada caso.

### III. Nos elementos funcionais

-Na avaliación:

- Partir dunha avaliación inicial xeral de cada área e específica de cada unidade didáctica para a detección de coñecementos previos.
- Empregar procedementos e instrumentos variados adaptados ás n.e.e. dos alumnos e das alumnas.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan a avaliación continua.
- Potenciar a autoavaliación e a heteroavaliación.

-Na metodoloxía e nas actividades:

- Empregar estratexias motivadoras próximas aos intereses do alumnado.
- Dar prioridade a métodos que favorezan a experiencia directa, a comunicación e a reflexión.
- Dispensar reforzos positivos variados.
- Diseñar actividades grupais e individuais.
- Desenvolver actividades de libre elección.
- Levar a cabo actividades diferentes para un mesmo contido, en diferentes niveis de dificultade.

-Nos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe:

- Definir e complementar obxectivos e contidos xerais e para os alumnos e as alumnas con n.e.a.e.
- Priorizar obxectivos e contidos.
- Seleccionar os estándares de aprendizaxe e concretar o nivel mínimo de adquisición.

## **9.- TRANSVERSALIDADE**

### **9.1.- EDUCACIÓN EN VALORES**

A educación en valores enténdese coma un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúa en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

#### **9.1.1.- OBXECTIVOS**

- Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
- Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.
- 

#### **9.1.2.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS**

As liñas de intervención que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.

- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Empregar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Para acadar todos estes obxectivos centrarémonos basicamente en dous piares esenciais no desenvolvemento dun programa de habilidades sociais e educación en valores dende as titorías seguindo o plan de acción titorial e mediante o plan de convivencia de centro.



## **9.2.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DA COMPRENSIÓN LECTORA**

**A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na exposición de motivos e nos seus artigos 16.2, 17 e), 19.2 e 19.3, establece o seguinte:**

- Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- Os alumnos deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- Co fin de fomentar o hábito de lectura, dedicárase un tempo diario a ela.

**De igual modo, o Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que:**

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita traballaránse en todas as áreas (artigo 6.3).
- Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que asegure como mínimo media hora diaria (artigo 6.4.).

Por todo iso, resulta necesario establecer un Proxecto Lector de Centro que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e ao grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo, e que favoreza a súa práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua Castelá e Literatura, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Co noso Proxecto Lector de Centro preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Acadar unha maior velocidade lectora.
- d) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.

- e) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- f) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- g) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

### **Orientacións metodolóxicas**

É fundamental que o docente logre transmitir aos seus alumnos/as o seu entusiasmo para lograr facer lectores capaces e motivados.

De entre os moitos textos que se poden empregar para a lectura, o conto ocupa un lugar importante na formación literaria dos alumnos de Educación Primaria. Os contos, polo seu contido, a súa estrutura e o seu vocabulario, son un instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, pois cando o neno os escoita ou os le aprópiase do seu vocabulario e das súas estruturas lingüísticas e ponas en práctica noutras situacións.

Nos últimos cursos da Educación Primaria pode ir orientándose ao alumno cara a outras posibilidades da narrativa, así como á poesía e ao teatro.

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

O profesorado elixirá os textos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Por último, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, se estimula a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dun bo ton, unha correcta pronunciación e unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora.

### **9.3.- INCORPORACIÓN DAS TIC Á AULA**

Tal e como se recolle na actual lexislación vixente, Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, sinálase como un dos obxectivos máis relevantes o de "Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran".

En Galicia, tamén se desenvolve este obxectivo a través do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se indica que: "os centros docentes elaborarán e aplicarán un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación" (artigo 6.5).

En definitiva, o que se pretende é que as tecnoloxías da información e da comunicación deben estar plenamente integradas na aula como elementos de uso habitual dentro dunha metodoloxía activa e participativa nas diferentes áreas. O seu emprego axudará a: coñecer, explorar, analizar e intercambiar información.

Acadar a competencia dixital no manexo e no emprego das mesmas está baseada na necesidade real de coñecerlas para a súa aplicación na vida cotiá. Hoxe en día é necesario que as TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) contribúan a un desenvolvemento das capacidades e habilidades do alumnado de cara ao futuro. Por iso, faise necesario que estén integradas na aula, e que os mestres e mestras coñezan o seu manexo e as posibilidades didácticas.

Esta competencia pretende transformar a información en coñecemento, favorecendo un espírito crítico e plural coa visión de diferentes fontes e realidades nun mundo plural e globalizado.

O seu uso debe ser aplicado en todas as áreas e a competencia dixital pretende axudar a unha inclusión plena na vida persoal e laboral do alumnado. Traballaranse estratexias para resolver os problemas habituais de software e hardware que vaian xurdindo. Igualmente, permitirán aproveitar a información que proporcionan e analízala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo de colaboración.

Cada centro, tendo en conta a súa realidade: tipos de conexións, coñecementos previo do alumnado e do profesorado, recursos e materiais dispoñibles, etc. desenvolverá un plan de introdución das TIC a nivel de centro e de aula coa participación activa de todo o equipo docente.

#### **METODOLOXÍA**

No noso centro tratarase, na medida do posible, empregar unha metodoloxía activa e participativa na que se fomente a autonomía persoal e a resolución de problemas técnicos e de coñecementos.

Pódese traballar de diferentes xeitos na aula, dende unha tradicional exposición apoiada nos formatos de presentación que ofrecen as TIC como: powerpoint, presentacións en flash, visualización de fotografías con diferentes ferramentas de cara a unha mellora na presentación.

Como xa sinalamos o coñecemento de ferramentas e dos periféricos que se poden engadir ao ordenador, formarán parte dos contidos a desenvolver e un apoio metodolóxico para o desenvolvemento do plan dende os primeiros cursos, presentándose gradualmente os contidos nos diferentes ciclos.

O emprego de diferentes recursos educativos dispoñibles tanto na rede coma no mercado definen unhas metodoloxías diferentes que axudan a coñecer as posibilidades da rede e das aplicacións informáticas no aproveitamento das mesmas. Criterios pedagóxicos e didácticos deberán estar definidos para mellorar a interactividade e a creatividade tanto do profesorado como do alumnado.

Tamén se poden empregar como ferramentas de investigación a través de webquest, cazas do tesouro,... nas que se traballan xeitos de aprender a seleccionar e elaborar a información atopada, como organizar e repartir o traballo entre os membros do grupo, como presentar o produto resultante, etc.

## **9.4.- EDUCACIÓN AMBIENTAL - XESTIÓN ECOLÓXICA DE RECURSOS**

Un centro educativo ten que ser un exemplo de xestión ecolóxica tanto na utilización de enerxías como na utilización de materiais e a súa posterior reutilización ou reciclaxe.

### **9.4.1.- PLAN DE XESTIÓN ECOLÓXICA DE ENERXÍAS E MATERIAIS**

Este centro para o seu normal funcionamento precisa electricidade para iluminación, para quentar auga e para subministrar enerxía a diversos tipos de máquinas.

Tamén precisamos de gasóleo como fonte de enerxía térmica para o sistema de calefacción.

Para contribuír ó descenso das emisións de CO<sub>2</sub> e outros gases de efecto invernadoiro deberemos observar en todo momento que os consumos de electricidade e de gasóleo sexan os mínimos indispensables.

Para elo teremos que poñer en práctica os seguintes procedementos:

- Utilizar, na medida do posible, iluminación natural.
- Non acender o alumeado por rutina ou costume dado que moitas veces é innecesario.
- Apagar as luces innecesarias dentro das diferentes aulas e dependencias cando hai presenza de persoas.
- Apagar as luces de aulas e dependencias cando se abandonan ou se deixan de utilizar.
- Apagar os ordenadores e outras máquinas cando non se vaian empregar nun espazo importante de tempo e sempre ó remate do horario normal de utilización.
- Buscar un equilibrio e moderación na temperatura das aulas e demais dependencias para evitar un gasto inútil de combustible.
- Regular os mecanismos de control de temperatura dentro de cada dependencia para evitar ter que ventilar ó tempo que está a calefacción encendida.
- Reducir o tempo de funcionamento da calefacción ó mínimo imprescindible.
- Regular a temperatura da auga do circuíto sen renunciar á confortabilidade dentro das diferentes dependencias.
- Actuación responsable e exemplificadora por parte do profesorado e persoal de servizos de cara a involucrar ó alumnado no uso eficiente da enerxía.

Outro recurso moi empregado e tamén derrochado é a auga corrente.

Para evitar este gasto excesivo teremos que poñer en marcha os seguintes procedementos:

- Abrir as billas o tempo indispensable para beber ou para o aseo persoal.
- Instalar billas con autopeche en tódolos servizos.
- Manter as cisternas dos inodoros en perfecto estado de funcionamento e instalar, na medida do posible, mecanismos de descarga selectiva para evitar o consumo innecesario.
- Instalación de rego por goteo ou por exudación no patio.
- Actuación responsable e exemplificadora por parte do profesorado e persoal de servizos de cara a involucrar ó alumnado no uso eficiente da auga.

### **9.4.2.- PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS**

Nun centro educativo xenéranse unha serie de residuos que é preciso seleccionar e separar para introducilos na cadea da reciclaxe.

Coa finalidade de colaborar na redución do consumo e na reciclaxe dos residuos xerados seguiremos os seguintes procedementos:

- Eliminar o consumo de materiais nocivos para a saúde das persoas e do medio ambiente (pinturas sintéticas, disolventes orgánicos, etc.).
- Dotar as dependencias e recintos de contedores que posibiliten a separación de residuos.
- Separar os diferentes residuos para depositalos nos diferentes contedores.
- Utilizar os folios polas dúas caras.
- Tomar conciencia do despilfarro de materiais que a cotío realizamos e inculcar a cultura dos tres erres: REDUCIR, REUTILIZAR e RECICLAR.
- Actuación responsable e exemplificadora por parte do profesorado e persoal de servizos de cara a involucrar ao alumnado no uso eficiente e responsable dos materias funxibles.

### ***9.5.- PREVENCIÓN DA VIOLENCIA***

### ***9.6.- EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA***

### ***9.7.- EMPRENDEMENTO***

## 10.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Capítulo III, Artigo 17 recolle os tres puntos seguintes:

1. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que establece a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

2. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un mestre titor ou unha mestra titora, designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos.

3. É función das persoas titoras informar regularmente os pais, as nais ou persoas que exerzan a tutoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

Polo tanto, podemos afirmar que a tutoría constitúe un elemento propio da tarefa docente e do currículo, ao tempo que posibilita a atención personalizada do alumnado. O labor titorial pode identificarse coa función educativa propiamente dita.

Os alumnos/as van construír o seu autoconcepto respecto da escola, non só en función dos resultados académicos obtidos, senón tamén en función de como sexan avaliados, do xeito no que se aborden as súas dificultades de aprendizaxe e das relacións profesor-alumno.

A acción docente atinxe tamén á historia persoal de cada alumno/a, á participación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos/as, á dinámica do grupo, á adaptación de cada alumno/a dentro do seu grupo,... Entón o titor/a é un punto de unión entre o alumno/a, o equipo de mestres/as que interveñen na súa educación, e as súas respectivas familias.

O obxectivo principal da acción titorial é conseguir un desenvolvemento integral do alumno/a, que lle permita afrontar as diferentes situacións que irá atopando nas distintas etapas da súa vida.

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o documento no que se especifican os criterios para a organización e funcionamento das titorías, en referencia aos principais membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias). Como ocorre co Plan Anual de Orientación, o PAT non é unha planificación pechada, xa que está totalmente aberta a posibles modificacións ao longo do curso, sempre e cando se fundamenten nos criterios pedagóxicos correspondentes.

Tendo en conta estes fundamentos, parece evidente que o titor/a non debe sentirse illado no desempeño da súa tarefa, senón que a función titorial debe ser considerada coma un traballo colexiado a pesar das diferenzas de criterio que poidan existir.

Polo tanto, existen unha serie de razóns que xustifican a figura do titor/a:

- Importancia de coñecer as circunstancias escolares, sociais e familiares dos seus alumnos/as.
- Necesidade da intervención do titor na detección das necesidades educativas especiais, nas adaptacións curriculares dos seus alumnos/as, na coordinación do proceso de avaliación do seu grupo,...
- Pluralidade de mestres/as que interactúan con cada grupo de alumnos/as.

- Variedade de obxectivos educativos.
- Cada grupo ten a súa propia dinámica e o seu propio proceso madurativo, así como as súas características particulares.

Partindo destas razóns desenvólvense os principios da acción tutorial:

- Prevención das dificultades de aprendizaxe e resposta aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinación por parte do titor/a das diversas tarefas educativas dos mestres que interactúan co seu grupo de alumnos/as.
- Establecemento de relacións e interaccións adecuadas entre os distintos colectivos da comunidade educativa (mestres, pais/nais e alumnos/as).
- Adaptación dos elementos curriculares e metodolóxicos ás características de cada alumno/a (personalización da ensinanza).

Unha vez que a figura do titor está xustificada, e os principios da acción tutorial desenvolvidos, é de obrigado cumprimento establecer cal son as funcións do titor, así coma as diferentes actividades a desenvolver de acordo con tres ámbitos:

- En relación co alumnado

- Detectar as dificultades e necesidades educativas dos alumnos/as, elaborando, desenvolvendo e avaliando conxuntamente co mestre de apoio e coa colaboración do mestre encargado do departamento de orientación as pertinentes adaptacións curriculares.
- Coñecer o ambiente sociofamiliar do alumnado.
- Contribuír á personalización do ensino.
- Contribuír á boa marcha do grupo, facilitando a integración do alumnado no mesmo.
- Orientar aos alumnos no seu proceso formativo.
- Incorporar contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, adoptando a decisión que proceda no que atinxe á promoción dun ciclo a outro, atendendo as decisións dos seus pais/nais ou titores legais.
- Controlar a falta de asistencia do alumnado.
- Cumprimentar a documentación oficial relativa ao seu grupo de alumnos/as.

- En relación co profesorado:

- Coordinar o axuste das programacións ás necesidades educativas dos seus alumnos/as, sobre todo cando se trata de necesidades educativas especiais.
- Coordinar a intervención dos diversos profesores/as sobre o grupo de alumnos/as, ao igual que o proceso de avaliación do mesmo.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos/as.
- Colaborar, na medida do posible, co Departamento de Orientación do centro.

- En relación coas familias dos alumnos/as

- Favorecer, no posible, a súa participación na función educativa do centro.
- Informar aos pais e nais sobre o proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

# **11.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

## ***11.1.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS***

As actividades complementarias a realizar cada curso especificaranse na PXA e estarán, na medida do posible, vinculadas a contidos curriculares de cada etapa ou nivel.

### **11.1.1.- ACTIVIDADES EN HORARIO LECTIVO**

Concretaranse para cada curso na PXA.

### **11.1.2.- ACTIVIDADES FÓRA DO HORARIO LECTIVO**

Concretaranse para cada curso na PXA.

## ***11.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES***

En horario extraescolar autorizarase á ANPA para realizar nas instalacións do centro actividades dirixidas ao alumnado matriculado no propio centro

O centro oferta a apertura da biblioteca de luns a xoves de 16:30 a 18:30 horas para que poidan facer uso dela o alumnado do centro, as familias e exalumnos.



## 12.- AVALIACIÓN DO PEC

O procedemento inclúe un inventario de indicadores. Dos resultados anotarase todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto.

A valoración realizarase ao inicio e a conclusión.

### **Indicadores para a valoración do proxecto educativo do centro**

- O PEC é un claro reflexo da identidade do centro
- O PEC responde ás necesidades do entorno e do alumnado
- O PEC responde ás intencións educativas actuais
- O PEC é suficientemente coñecido pola comunidade educativa
- As finalidades son compartidas
- A revisión do PEC está organizada e parte da experiencia compartida
- Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
- Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PEC
- Coñécese o DOF
- Compártese o contido do DOF?
- Coñécese o DOC e a súa composición?
- A PXA recolle anualmente eses obxectivos para cada un dos ámbitos
- O documento da PXA respecta a estrutura proposta polo DOF
- A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior
- É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
- É unha ferramenta de consulta e apoio
- O Proxecto Curricular está actualizado
- O Proxecto Curricular está contextualizado á realidade do centro
- O PCE desenvolve os principios educativos do PEC
- O documento do PEC respecta a estrutura determinada pola normativa
- O PCE está difundido suficientemente e serve de referente á programación didáctica do centro e ás programacións de aula.
- A revisión do PCE está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para facilitar a súa adaptación

## **13.- DOCUMENTOS VINCULADOS AO PEC**

1. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA
3. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
4. PROXECTO LECTOR
5. PLAN ANUAL DE LECTURA
6. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA
7. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
8. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. PLAN DE CONVIVENCIA
10. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA
11. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC
12. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA
13. PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE EI
14. PLAN DE EMERXENCIAS E AUTOPROTECCIÓN
15. PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS